

XORNADA

Do sexting ao acoso e abuso sexual baseado nas imaxes entre adolescentes: novos riscos online

7 de outubro de 2024
10.00 h
Sala Emilia Pardo Bazán
Facultade de Educación
e Traballo Social
Campus de Ourense

XORNADA

Do sexting ao acoso e abuso sexual baseado nas imaxes entre adolescentes: novos riscos online

7 de outubro de 2024
10.00 h
Sala Emilia Pardo Bazán
Facultade de Educación
e Traballo Social
Campus de Ourense



Universidade de Vigo

Descrición

A xornada “Do sexting ao acoso e abuso sexual baseado nas imaxes entre adolescentes: novos riscos online” pretende concienciar sobre o risco das condutas de acoso e abuso do material sexual autoproducido e difundido por adolescentes a través das practicas de sexting. Condutas que representan ciberviolencias sexuais nas que as vítimas maioritariamente son as mozas adolescentes, e eles os perpetradores.

Organización

- Yolanda Rodríguez Castro. Profesora titular na Facultade de Educación e Traballo Social, campus de Ourense, Universidade de Vigo.
- Rosana Martínez Román. Axudante doutora na Facultade de Educación e Traballo Social, campus de Ourense, Universidade de Vigo.

Persoas destinatarias

Comunidade universitaria (alumnado, PDI e PTXAS), e calquera persoa interesada na temática.

Obxectivos

- Incrementar a conciencia de risco do material auto-xerado, recibido e manipulado de imaxes de contido sexual entre adolescentes, a través das prácticas do sexting.
- Promocionar a igualdade de xénero para previr as (ciber)violencias sexuais cara ás mozas e mulleres.
- Identificar as novas formas de expresarse do patriarcado nosa sociedade actual, tanto na esfera offline como en liña.
- Mostrar a realidade das (ciber)violencias sexuais e de xénero para combater o binomio neoliberalismo-patriarcado, e contribuír a construír sociedades igualitarias e libres de violencias cara ás mozas e mulleres.
- Acadar competencias multidisciplinares como profesionais da educación e do eido xurídico-social para crear espazos coeducativos igualitarios e de tolerancia cero a calquera manifestación de violencia cara as mozas e mulleres.

Programa

10.00-10.15 h Inauguración da xornada

- Javier Rodríguez Rajo. Vicerreitor do Campus de Ourense.
- Águeda Gómez Suárez. Directora da Unidade de Igualdade.
- Yolanda Rodríguez Castro e Rosana Martínez Román. Organizadoras da xornada.

10.15-11.15 h Conferencia

Cómo construír relacións amorosas e libres de violencia nas redes sociais.

Relatora: Coral Herrera Gómez.

Escritora, comunicadora e docente. Membro do Observatorio de masculinidades da Universidade Miguel Hernández (Alicante).

11.30-12.30 h Conferencia

Sexting entre adolescentes: prevalencia, implicacións e prevención.

Relatora: Patricia Gómez Salgado. Profesora axudante doutora. Universidade de Santiago de Compostela (Galicia).

12.30-13.00 h Descanso

13.00-13.45 h Conferencia

Entendendo a violencia sexual e de xénero en liña: características, alcance e factores relacionais.

Relatora: Jone Martínez Bacaicoa. Profesora e investigadora da Universidade Autónoma de Madrid.

14.00-16.00 h Descanso

16:00-19:00 h Obradoiro

Do sexting ao acoso e abuso sexual baseado nas imaxes entre adolescentes. Traballando dende a prevención co Programa 'ni ♀N ni ♂FF'.

Responsable: Sabela Salgueiro Couto. Traballadora social.